



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Tesourería e Xestión de Tributos. Servizo Central de Recadación

Resolución que modifica a resolución 10.809/2021, pola que se establece o plan especial de pagos individualizado

RESOLUCIÓN QUE MODIFICA A RESOLUCIÓN 10.809/2021, POLA QUE SE ESTABLECE O PLAN ESPECIAL DE PAGOS INDIVIDUALIZADO

ANTECEDENTES

Con data 22 de marzo de 2021, aprobouse a Resolución de Presidencia nº 10.809, pola que se establecía o plan especial de pagos individualizado, co obxecto de facilitar o cumprimento das obrigacións tributarias. Deste xeito, a partir do ano 2021, estableceuse un sistema especial de pagamento de cotas por recibo que permitía flexibilizar os pagos en período voluntario en 10 mensualidades.

Ao longo destes meses de posta en práctica, detectouse a necesidade de establecer outros prazos, para atender ás distintas necesidades dos contribuíntes. Os novos prazos serán efectivos a partir de 2023.

Así mesmo, é preciso ampliar o plan para o resto de tributos, non só os impostos, a fin de facilitar tamén o pago das taxas.

Por todo o anterior

RESOLVO

Modificar a Resolución da Presidencia nº 10.809/2021, de 22 de marzo, nos seguintes aspectos:

1º) ANTECEDENTES

“Ata o ano 2021, o pago voluntario dos recibos dos concellos e entes que teñen delegada a recadación voluntaria dos padróns na Deputación, realizábase con carácter xeral nun único prazo, excepto o IBI Urbano dos Concellos de Ames e Miño que tiñan a posibilidade de pagamento en dous prazos.

Co obxecto de facilitar o cumprimento das obrigacións tributarias, a partir dese ano, estableceuse un sistema especial de pagamento de cotas por recibo que permitía a quen se acollera ao mesmo flexibilizar os ingresos correspondentes ao período voluntario, podendo realizar o pagamento en 10 mensualidades.

Co obxecto de adaptarse mellor ás necesidades dos diferentes contribuíntes e facilitar o pago en período voluntario, a partir do ano 2023, o sistema especial de pagamento de cotas por recibo permitirá realizar o pago en 3 ou 10 mensualidades”.

2º) O primeiro parágrafo do RESOLVO, no sentido seguinte: “Establecer o sistema “Plan Individualizado de Pagos” para regular o pagamento de cotas por recibo correspondentes aos exercicios 2023 e seguintes, coas características que se sinalan a continuación:”

3º) O apartado 2, coa redacción: “ Obxecto do plan individualizado de pagos: O plan de pagos incluirá a totalidade de tributos de carácter periódico a que esté obrigado o contribuínte”.

4º) Na mesma liña sinalada no punto 1º, é preciso dar nova redacción ao parágrafo segundo do apartado 3. Requisitos para acollerse a este plan, co texto seguinte:

“O pago realizarase en 3 ou 10 mensualidades, o día 5 ou inmediato hábil posterior dos meses de:

- abril, , xullo e outubro, no caso de 3 mensualidades;

- xaneiro a outubro, no caso de 10 mensualidades.

O importe total anual das cotas tributarias distribuirase segundo a estimación sobre as cotas líquidas correspondentes ao exercicio inmediatamente anterior. Estes ingresos terán o carácter de pagamentos a conta”.

5º) Suprímese a Disposición transitoria.

Deste xeito, a Resolución 10.809/2021 quedaría co seguinte texto:

ANTECEDENTES

Ata o ano 2021, o pago voluntario dos recibos dos concellos e entes que teñen delegada a recadación voluntaria dos padróns na Deputación, realizábase con carácter xeral nun único prazo, excepto o IBI Urbano dos Concellos de Ames e Miño que tiñan a posibilidade de pagamento en dous prazos.

Co obxecto de facilitar o cumprimento das obrigacións tributarias, a partir dese ano, estableceuse un sistema especial de pagamento de cotas por recibo que permitía a quen se acollera ao mesmo flexibilizar os ingresos correspondentes ao período voluntario, podendo realizar o pagamento en 10 mensualidades.

Co obxecto de adaptarse mellor ás necesidades dos diferentes contribuíntes e facilitar o pago en período voluntario, a partir do ano 2023, o sistema especial de pagamento de cotas por recibo permitirá realizar o pago en 3 ou 10 mensualidades.

RESOLVO

Establecer o sistema “Plan Individualizado de Pagos” para regular o pagamento de cotas por recibo correspondentes aos exercicios 2023 e seguintes, coas características que se sinalan a continuación:

1.- Lexitimación:

Poderán solicitar esta forma de pago as persoas obrigadas ao pago dos tributos ou os seus representantes legais.

2.- Obxecto do plan individualizado de pagos:

O plan de pagos incluírá a totalidade de tributos de carácter periódico a que esté obrigado o contribuínte.

3.- Requisitos para acollerse a este plan:

· Para ter efectos nun exercicio, a solicitude de acollerse a este plan individualizado deberá estar aprobada antes do día 1 de xaneiro do dito exercicio (de ter entrada con posterioridade terá efectos para o exercicio seguinte). A solicitude pódese realizar a través da OVT(<https://ovt.dacoruna.gal>) ou a través do resto de sistemas regulamentados na LPAC.

· O pago realizarase en 3 ou 10 mensualidades, o día 5 ou inmediato hábil posterior dos meses de:

- abril, xullo e outubro, no caso de 3 mensualidades;

- xaneiro a outubro, no caso de 10 mensualidades.

O importe total anual das cotas tributarias distribuirase segundo a estimación sobre as cotas líquidas correspondentes ao exercicio inmediatamente anterior. Estes ingresos terán o carácter de pagamentos a conta.

· A domiciliación bancaria dos pagos regularase de acordo cos requisitos establecidos nas Normas de xestión de pagos domiciliados, reguladas na Resolución da Presidencia núm. 22.665 do 12 de novembro de 2014 ou norma que a substitúa.

· Non ter débedas pendentes de pagamento en período executivo.

· Facilitar un número de teléfono de contacto e unha dirección de correo electrónico no seu caso.

· Os modelos oficiais de solicitude estarán a dispor dos interesados na páxina web da Deputación (www.dacoruna.gal).

4.- Incumprimento de pagamento das cotas:

Se non se fixese efectivo ao seu vencemento o importe dunha das mensualidades, o seu importe distribuirase entre as restantes cotas. A falta de pagamento de dúas cotas determinará a anulación automática do plan individualizado, quedando sen efecto para períodos sucesivos, iniciándose o período executivo sobre a totalidade da débeda pendente de pagamento ao día seguinte do vencemento do período voluntario de cobro correspondente.

O importe das cotas impagadas poderá abonarse sen recarga nin intereses antes da finalización do prazo voluntario de pagamento.

Cando non se efectuase o pagamento do último dos prazos, finalizado o período de pagamento voluntario, iniciárase o período executivo pola cantidade pendente, coas correspondentes recargas e intereses de demora.

5.- Entrada en vigor:

A presente resolución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña a 19/10/2022

O Presidente

Valentín González Formoso

A Secretaria

Amparo Taboada Gil